

## SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES SEMANA 14 Ó 17 ABRIL

### CIENCIAS NATURAIS:

#### Páxina 87

5. Os animais ordenados de maior a menor masa son:

balea > elefante > cabalo > gato > lagarta

7. Son combustibles o carbón e a gasolina

#### Páxina 91

5. Cando engades cacao e cereais ao leite do almorzo obtense unha mestura heteroxénea.

6. Unha macedonia de froitas é unha mestura heteroxénea.

A masa para facer un pastel en principio é unha mestura homoxénea

### CIENCIAS SOCIAIS:

#### Páxina 98:

1. A agricultura é unha actividade que consiste en traballar e cultivar a terra para obter dela diversos alimentos como froitas, verduras, hortalizas, cereais, e outros produtos vexetais como o algodón ou o liño para facer tecidos. As persoas que se dedican á agricultura chámanse campesiños ou agricultores. A agricultura é unha actividade que hoxe en día está moi mecanizada porque a maior parte dos traballos se levan a cabo coa axuda das máquinas.

2. Un cultivo agrario é un produto que se obtén da agricultura como, por exemplo, o trigo, as hortalizas, as mazás ou as cereixas. Todos os cultivos agrarios necesitan auga para medrar.
  
3. A diferenza entre os cultivos de regadío e os cultivos de sequeiro está, xustamente, na forma en que obteñen a auga para o seu crecemento. Os cultivos de sequeiro necesitan pouca auga e medran coa que reciben da chuvia. Son cultivos de sequeiro o trigo, a videira, a oliveira, a cerdeira, e os froitos secos como as abelás e as améndoas. Os cultivos de regadío necesitan abundante auga para medrar polo que deben regarse coa auga de pozos e ríos a través de canles. Son algúns exemplos de cultivos de regadío as hortalizas como os tomates, os pementos e as leitugas, e as froitas como as mazás, as laranxas e os plátanos.

## Páxina 99

4. A gandería é o conxunto de traballos relacionados coa cría dalgúns animais para obter alimentos como a carne, o leite ou os ovos e outros produtos como a pel.
  
5. A modo de exemplo, sinalamos os seguintes:
  - Gando bovino: vacas, bois e touros.
  - Gando caballar: cabalos, eguas, mulos e asnos.
  - Gando avícola: pitas, polos e pavos.
  
6. Exemplos:
  - Cultivos de sequeiro: a videira, o trigo, a oliveira, a cerdeira, as abeleiras, as amendoeiras, os garavanzos, os chícharos, etc.
  - Cultivos de regadío: o arroz, os tomates, os pementos, as leitugas, as acelgas, as laranxeiras, as maceiras.
  
7. Existen dúas modalidades:
  - A gandería intensiva: é a que se leva a cabo en cortes. Os animais permanecen en cortes todo o ano e o gandeiro alimenta o gando dándolle penso e forraxes.
  - A gandería extensiva: é a que se leva a cabo nos prados. Os animais están no campo e desprázanse en busca de comida: os pastos.

## **LENGUA CASTELLANA**

### **Preguntas exprés:**

- 1c: Una zorra y una cigüeña.  
2c: A sopa en un plato.  
3a: A sopa embotellada.  
4c: Un león y un ratón.  
5b: Porque era muy pequeño.  
6a: Porque le estaba agradecido

### **Contesta por escrito**

**7** La zorra invitó a comer a la cigüeña un rico caldo en un plato, pero esta pasó un mal rato. La cigüeña anfitriona invitó a la zorrilla burlona porque esto es de buena educación.

**8** León: el gigantón, la fiera. Ratón: bichejo enano, roedor.

**9** Sus cualidades morales: la zorra es burlona, la cigüeña es astuta, el ratón es imprudente y agradecido, el león es también agradecido.

**10** La fábula de «la zorra y la cigüeña» nos enseña que no debemos hacer a los demás lo que no queremos que nos hagan a nosotros, en este caso, engañar. La fábula del ratón y el león nos enseña que cualquier acto bondadoso tiene su recompensa.

### **La g y la j**

**3** fuego galleta guiño guerrero pulga bilingüe guitarra juguetes agua pingüino lago aguja

**6** gimnasia vigilante agencia conserje Lejía madeja perejil tijeras ejercicio corregir mugido generoso

### **El pronombre**

**3** Copia las oraciones y sustituye las palabras destacadas por el pronombre que les corresponda: él, ellos, ella, nosotros, vosotros.

- Jorge y su hermano son unos grandes piragüistas.
- ¿Alfredo y tú sois buenos nadadores?

- Marina ganó el campeonato de tenis.
- Álvaro y yo escalaremos el Everest.
- Gonzalo conduce un coche de carreras.

**4** Sustituye los pronombres personales por las siguientes expresiones:

Rocío, el conductor del autobús, estos árboles, sus pestañas.

- Él abrió las puertas en la parada.
- Ellas son muy largas.
- Ella vive en el mismo barrio desde pequeña.
- Ellos dan muchos frutos en verano.

**5** Copia y completa las oraciones con un pronombre:

- ... hemos visto el desfile de carrozas.
- ¿Irá ... a la excursión de la playa?
- ... llegáis siempre puntuales.
- ... recogieron un perro abandonado.
- ¿Quieres ... este rotulador rojo?

## **LINGUA GALEGA**

### **Reflexiono:**

**5** «O sol deita os seus raios sobre o campo de trigo».

Que non fagamos ruído para non espertar a nena que quedou durmida.

**6** • Nos campos que rodeaban unha aldea.

Na primavera.

**7** Os personaxes son: Trigidia, a terra, os pais da nena e os veciños. A protagonista é a nena, Trigidia.

**8** O narrador escribe en 3ªpersoa.

Hai un só fragmento dialogado, no momento en que fala a terra para pedir perdón.

**9** Pel de seda, ollos de carbón, bágoas de cristal, labios de coral

### **Diminutivos:**

4 Follíña, neniña, rapaciño, raiciña, fontíña, bichiño, herbiña, paxariño.

5 Caixa, bico, avó, amiga, vella, bolsa, nariz, libro.

6 Filliña, biquiño, velliña, cadeliña

### **Pronomes persoais:**

1 Eu; ti; el, ela; nós; vós; eles, elas.

2 Eu, ela, Ti, eles.

3 Por esta orde: *Vós; ela; Eu; Nós, eles ou elas; Ti; El; eles ou elas.*